

Riveiro Coello consegue o Cunqueiro de narrativa

[Antón Riveiro Coello](#) conseguiu o luns o Premio Álvaro Cunqueiro de Narrativa coa obra "Homónim@". Esta é a quinta edición deste galardón que convoca bianualmente o Concello de Mondoñedo e o de Vigo. Está dotado con dous millóns de pesetas e a el concorreron máis de 50 obras. "Homónim@" é unha novela de intriga que, segundo o seu autor, "parte dunha novela anterior, 'Xaque pastor', que estaba inserida en [A Quinta de Saler](#), e ten o mesmo protagonista, o escritor Suso Paradelo, o meu alter ego". Agora Paradelo crea a súa segunda novela a partir dunha noticia que ve en Internet sobre un pobo mexicano chamado Tzatzaplan onde hai un edificio co seu mesmo nome. Entón o escritor alá marcha, polo que a historia transcorre en terras mexicanas. Riveiro Coello di que esta obra é un resumo de 'Pedro Páramo', de Juan Rulfo, e de 'Cien años de soledad' de García Márquez; e dedicalle a novela aos seus protagonistas: Pedro Páramo e Aureliano Buendía. O escritor de Xinzo conseguiu o premio Café Dublín 99 con [Animalia](#), libro de relatos recentemente publicado por Galaxia.

- 17:26 19/06/2000

.